

Marta Dacosta. *Setembro*

Loida Concha Mariñas

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

MARIÑAS, LOIDA CONCHA [1999]). “Marta Dacosta. *Setembro*”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*: 1998, 303-304. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1807>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

MARIÑAS, LOIDA CONCHA (1999). “Marta Dacosta. *Setembro*”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*: 1998, 303-304.

* Edición dispoñíbel desde o 10 de febreiro de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

Marta Dacosta. *Setembro*
Vigo: Galaxia

Loida Concha Mariñas

Setembro é o terceiro poemario da autora. Anteriormente publicara *Crear o mar en Compostela* (Premio O Grelo da Asociación Cultural O Grelo en 1994) e *Pel de ameixa* (Premio González Garcés 1996 da Deputación da Coruña). Pois ben, nada máis abrir este terceiro poemario chama a atención ó lector a adicatoria (a varias mulleres) e as citas (de M^a Xesús Pato e de Gioconda Belli). Desde este momento, vémnos marcado un dos principais temas do libro: a reivindicación da femiñidade, non a través do sexo, senón a través da aceptación do propio eu. O libro é unha busca das fontes da propia existencia. É un camiño de volta ata chegar á casa da infancia, ata o parto que lle deu a vida. Coa figura da nai, quere reivindicar a outras nais, a maternidade como algo universal, como algo que forma parte dunha cadea que se perde na memoria do tempo. A formación do eu feminino non é lineal, neste proceso encontramos a dor. Vémolo desde o primeiro “chanzo” desa escaleira de ascenso, desde ese primeiro poema: “Nai pariume á humidade de setembro”. Segue ese camiño que encontramos pouco a pouco, temos un “amencer estrano do meu sexo”; encontramos, tamén, que “setembro leva a dor do parto”. Vemos un eu poético que ten os “labios feridos”; encontramos, así mesmo, unha “muller ou ser de lama” e, xa como último exemplo, temos “un corpo de muller, / lastrado de pasados”.

Á parte da nai como dadora da vida, encontramos a nai-terra. Así temos dous camiños cara ó descubrimento do eu. Por unha banda, aparecen as fontes do nacemento e, por outra, a busca da terra que a viu nacer. Este último camiño, o da recuperación da terra, é tamén unha fonte de dor; non só física, como a dor do parto, senón tamén moral, ante a imposibilidade de recuperación total daquela casa da

infancia que agora só reside na memoria. A pesar do medo que provoca esta busca, non pode deixar de seguir adiante, facéndose forte na súa feminidade.

Outro elemento que marca a feminidade son as fases da lúa. O tempo é medido en lúas, quizais recordo da medición dos tempos de xestación, sobre todo, a representación do universo feminino no satélite en si. Encontramos que o tempo “é unha fervenza de lúas...” ou que “... me ata a modiño aos círculos da lúa...”

O camiño polo que a autora nos leva neste ir e vir é o do mes de setembro. Este é un mes de transición que nos leva dun período a outro, do verán ó outono, perdendo características daquel e gañando características deste. É un mes no cal a luz se perde e as cores se matizan, perdendo a súa brillantez para volverse máis escuros, sen por iso ser peores; senón, simplemente, diferentes. Neste mes de setembro, xúntanse o pasado e o futuro do eu poético. Dános indicios do cambio. Vemos que aínda non se deu o cambio radical en que “da chegada do inverno nada se sabe”; pero hai cambios evidentes que predín o futuro: “setembro trouxo voces de feras treboadas” ou “setembro vai caendo... unha luz desolada”. A perda da luz prodúcese pouco a pouco e pouco a pouco vai aparecendo a noite como un momento de anguria. Anúnciasenos a desolación de ter perdido a luz e a espera da mesma como momento liberador: “Agardo a luz que chega / cada mañá con xeito”. A pesar do medo que provoca a perda da luz, seguindo o legado materno, nunca deixará de manterse firme ante el.

Ó mesmo tempo que se vai facendo a escuridade, amósasenos un camiño cara á luz. Vai avanzado pouco a pouco, chanzo a chanzo, verso a verso. Setembro convértese nun mes de renacemento. Existe unha promesa de luz: “Unha luz, quizais unha promesa...” Rememorar ese pasado que se busca, é volver a vivir, renacer. A autora condúcenos cara ó camiño que nos leva á casa, vai “esculcando o camiño que marcaba o regreso”. Outro elemento que está no camiño é o silencio. É o silencio da noite na que se busca o camiño cara ás fontes e cara ó seu propio interior. Este elemento e a busca do pasado vense reflectidos neste verso “Hoxe estou en silencio xogando co pasado”. O silencio é momento de reflexión.

Chega á fin do camiño. Conseguen acadar o nacemento perdido, converténdose ela na propia criadora das fontes da vida:

*Hoxe nácenme fontes polas liñas das mans,
será de estar coidando dos xoguetes da infancia.*

Encontramos en *Setembro* un libro de ton íntimo, no que se procura a construción do eu poético. Ó ler o libro, adentrámonos coa autora no camiño de volta ás fontes da existencia, unha viaxe interior que non só pode percorrer o ser humano feminino, senón o ser humano en xeral.